



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA VICEPRESIDENCIA Y CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS Y JUSTICIA, EL ILUSTRE COLEGIO PROVINCIAL DE ABOGADOS DE A CORUÑA, LA FUNDACIÓN PARA LA MAGISTRATURA, EL CLUB ESPAÑOL DEL ARBITRAJE Y ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, PARA LA ORGANIZACIÓN Y DESARROLLO DEL PRIMER CONGRESO DE ARBITRAJE Y JURISDICCIÓN

Esta consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, contribúan á implantación, impulso e desenvolvemento de programas e actuacións de desxudicialización de conflitos e de promoción da mediación.

Antecedentes: A Fundación para a Maxistratura e o Colexio de Abogados da Coruña están a organizar o Primeiro Congreso de Arbitraje e Xurisdicción, que se vai celebrar na cidade de Coruña os vindeiros días 24, 25 e 26 de outubro de 2018, para o que están a recabar apoio de outros organismos e institucións.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Colexio Provincial de Avogados de A Coruña, a Fundación para a Maxistratura, o Club Español de Arbitraje, e ABANCA Corporación Bancaria o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2018.

O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Colexio Provincial de Avogados da Coruña, a Fundación para la Magistratura, o Club Español de Arbitraje, e ABANCA Corporación Bancaria para a organización e desenvolvemento do “I Congreso de Arbitraje e Xurisdicción” que se levará a cabo os días 24, 25 e 26 de outubro de 2018 na Coruña. En particular, o obxecto do convenio consiste no poio financeiro á Fundación para a Maxistratura para que esta poida desenvolver o seu proxecto de actividades consistente na colaboración co Colexio de Avogados da Coruña para organizar e celebrar o citado congreso.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- A Fundación para a Maxistratura é a fundación da asociación maioritaria dos xuíces e maxistrados que integran o Poder Xudicial en España, constituída ao amparo do artigo 127.1 da Constitución española, na conciencia da ineludible necesidade de contribuír a garantir o respecto e desenvolvemento dos principios, dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución, como responsables ante o pobo español da obrigación que lles encomendou de administrar xustiza.
- Dentro dos fins da Fundación para a Maxistratura, destaca colaborar co Consello Xeral do Poder Xudicial, e con calquera outra institución en orde a facilitar unha formación continuada e actualización permanente de xuíces e maxistrados, a través de cursos, seminarios encontros , etc.; sendo esencial para ese efecto o contacto dos xuíces e maxistrados con outros colectivos que implicados de forma directa ou indirectamente na administración de xustiza, permitan aos membros da carreira xudicial enriquecerse cos coñecementos e experiencias destes profesionais.





- Á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co disposto no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións, sendo unha das súas liñas prioritarias o fomento daquelas actividades que fomenten e contribúan á implantación, impulso e desenvolvemento de programas e actuacións de desxudicialización de conflitos e de promoción da mediación.
- Conforme o establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que é a Fundación para a Maxistratura a que, en colaboración co Colexio de Avogados da Coruña e o Club Español de Arbitraje, está a organizar o Primeiro Congreso de Arbitraje e Xurisdición.

Financiamento: a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, achegará á Fundación para a Maxistratura a cantidade de SEIS MIL EUROS (6.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.226.06 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018, como contribución aos gastos soportados pola fundación pola realización do seu proxecto de actividades, unha vez que a Fundación para a Maxistratura presente a seguinte documentación xustificativa:

- a. Certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón de contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b. Declaración do conxunto de axudas solicitadas –tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución– para o mesmo proxecto ás administracións públicas competentes ou ás súas entidades vinculadas ou dependentes, así como aos entes privados.
- c. Declaración responsable de acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, así como de non ter ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- d. Calquera outra documentación ou material que a Fundación para a Magistratura considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 6 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela,
O director Xeral de Xustiza,

Juan José Martín Álvarez

